



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA IMPULSAR ACCIÓNS NO CAMPUS TERRA COMO CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN ACREDITADO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (SUG) 2026-2029

Santiago de Compostela, [data/sinatura dixital]

COMPARECEN

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Consellería), nomeado mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73 do 14 de abril), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Doutra parte, Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), nomeado mediante o Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG núm. 56, do 22 de marzo de 2022), en representación desta, e en virtude das facultades que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e o artigo 85 do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os seus Estatutos (DOG núm. 29 do 12 de febreiro).

Interveñen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecendo mutua e reciprocamente a capacidade para obrigarse, mediante o convenio para o que previamente



EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 138/2024, do 20 de maio (DOG núm. 101, do 27 de maio de 2024), polo que establece a súa estrutura orgánica, é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades. Concretamente, entre estas funcións, correspóndelle a coordinación do Sistema universitario de Galicia.

SEGUNDO.- A Secretaría Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 138/2024, do 20 de maio, é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanzas universitarias correspondentes á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional en relación coas atribuídas polo artigo 31 do Estatuto de Autonomía para Galicia. Correspóndelle planificar a oferta de ensino universitario na Comunidade Autónoma de Galicia, en coordinación coas universidades galegas, incidindo na mellora continua do Sistema universitario de Galicia (SUG) e na súa conexión e adaptación á contorna, para dar resposta ás necesidades da sociedade actual.

TERCEIRO.- Que a Universidade de Santiago de Compostela (USC) é unha entidade que forma parte do sector público institucional, á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público de educación superior. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno, de acordo coa Constitución e coa Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e coa súa propia normativa estatutaria.

CUARTO.- A Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2021-2027 (RIS3), aprobada por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2022, acorde co



Plan da Unión Europea Horizonte Europa e a Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación 2021-2027, é a estratexia integral para articular todas as actuacións da I+D+i en Galicia, incorporando os grandes obxectivos 2021-2027 da Unión Europea: unha nova política industrial marcada pola sustentabilidade, polo Pacto Verde Europeo e pola Transformación Dixital. As grandes metas que se pretenden acadar son: evolucionar o modelo produtivo, gañar competitividade e medrar de forma sostible no tempo, xerando emprego de calidade e contribuír a dar resposta aos grandes retos e necesidades da sociedade. Como instrumento de planificación operativa para a súa implementación entre 2025 e 2027, o Consello da Xunta aprobou o 3 de febreiro de 2025 o Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

O presente convenio enmárcase na RIS3 de Galicia 2021-2027, respondendo polo seu carácter transversal aos tres retos e ás tres prioridades. Así mesmo, contribúe aos obxectivos estratéxicos 1 e 5, integrándose, polo tanto, nos programas Integra e Posiciona da RIS3 de Galicia e, respectivamente, nos programas Coñecemento e Posicionamento do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

QUINTO.- A especialización dos campus constitúe un novo modelo de organización universitaria que xorde despois dunha fonda análise do SUG co obxecto de rexuvenecelos e facelos máis competitivos. Todo isto no marco dun programa que pretende impulsar unha dinámica de especialización dos campus do SUG nunha articulación e agregación harmonizada e complementaria das capacidades docentes e de investigación das universidades galegas arredor de temáticas –dominios de coñecemento ou retos sociais e económicos– en que estas presenten maiores fortalezas ou oportunidades para avanzar cara a maiores niveis de calidade, ben polo prestixio acadado ou porque son un vector de desenvolvemento socioeconómico.

SEXTO.- Para avanzar na implantación desta estratexia en Galicia, a Consellería veu impulsando dende o ano 2013, de xeito pioneiro, a especialización dos campus nas universidades do SUG. Así, púxose en marcha un programa de especialización que levou á sinatura de convenios de colaboración coas tres universidades nos que se financiaron os traballos necesarios para a elaboración dos plans estratéxicos e dos programas de necesidades funcionais dos distintos campus, tendo en conta as súas peculiaridades



específicas, e sendo obxectivos principais os seguintes:

- Promover a especialización e diferenciación dos campus de acordo cos principios do novo modelo de organización universitaria.
- Establecer o posicionamento e o enfoque estratéxico dos campus con respecto aos ámbitos especializados elixidos.
- Reforzar a colaboración estratéxica entre as estruturas de goberno e os axentes económicos e sociais como vía para fortalecer o papel das universidades como axentes dinamizadores do territorio.
- Facilitar a reestruturación da oferta docente de acordo cos retos sociais e as demandas do tecido produtivo nos ámbitos de especialización dos campus.
- Impulsar a creación de polos de referencia en I+D+i por medio da reorganización, agrupación e especialización das capacidades científicas.

SÉTIMO.- Na actualidade, os campus universitarios de Galicia que contan cunha acreditación que se corresponde co seu proxecto de especialización son:

UDC	Campus Industrial (Ferrol)
USC	Campus Terra (Lugo)
UVIGO	Campus Auga (Ourense)

OITAVO.- Logo de varias anualidades colaborando no financiamento dos plans de especialización dos distintos campus, a Consellería regulou no ano 2019 o procedemento de acreditación destes, en virtude do cal, cada campus debidamente acreditado dará lugar á posibilidade de sinatura dun convenio de colaboración que contribuirá ao financiamento das actividades desenvolvidas.

O procedemento mencionado no parágrafo anterior estableceuse na Orde do 10 de setembro de 2019 pola que se regula o procedemento para a acreditación dos campus



de especialización do Sistema Universitario de Galicia (DOG núm. 177, do 18 de setembro de 2019) e nas modificacións introducidas pola Orde do 17 de abril de 2024 (DOG núm. 83, do 26 de abril de 2024). Trátase dun procedemento aberto que se pode iniciar en calquera momento a través da universidade do SUG á que pertenza o campus.

NOVENO.- O Campus Terra da USC iniciou o procedemento para a súa acreditación como campus de especialización do Sistema Universitario de Galicia (SUG) conforme a orde mencionada anteriormente.

Esta acreditación foi concedida por un período de catro anos mediante a Resolución do 10 de agosto do 2021, pola que se acredita o Campus Terra como campus de especialización do SUG, publicada no DOG núm. 173, do 8 de setembro de 2021.

Formalizouse posteriormente un convenio de colaboración entre a Consellería e a USC, co obxecto de desenvolver actuacións estratéxicas que permitisen dotar ao Campus Terra dunha identidade propia, aliñada co seu ámbito de especialización, así como incrementar a súa visibilidade, impacto e contribución ao ecosistema de innovación e coñecemento de Galicia.

Este convenio foi obxecto das correspondentes addendas e ampliacións de vixencia ata a data límite prevista na súa resolución de acreditación, sen prexuízo de que os gastos subvencionables se adecuasen ao período establecido.

DÉCIMO.- A especialización do Campus Terra supón dotalo dunha identidade propia, centrada no coñecemento vinculado a sustentabilidade económica, social e medioambiental do uso da terra. Trátase de conformar un entorno universitario especializado no eido agroalimentario desde unha perspectiva multidisciplinar que abarca os eidos medioambiental, económico, social e cultural, tanto na súa vertente docente (con titulacións de grao, máster e programas de doutoramento) como na súa dimensión investigadora, con actividades de transferencia e difusión ao sector produtivo e á sociedade en xeral. Todo isto a través dunha especialización docente e científica que permite aproveitar as potencialidades da súa contorna, facendo máis dinámica a economía, non só na comarca, senón tamén a nivel rexional, nacional e internacional.





UNDÉCIMO.- Transcorrido ese período é preciso someter ao campus a un proceso de reacreditación que se desenvolve da seguinte maneira:

- En primeiro lugar, a USC presentou unha solicitude no marco do procedemento, con data do 27 de novembro de 2024.
- Posteriormente, a USC formalizou a solicitude de renovación da acreditación con data do 9 de decembro de 2024, acompañando a documentación técnica requirida.
- A avaliación foi realizada por un panel de persoas expertas externas ao SUG (Comité de Avaliación), encargado da análise documental e da emisión do correspondente informe técnico o día 22 de maio de 2025.
- Unha vez concluído o proceso avaliador, o Secretario Xeral de Universidades elevou ao Conselleiro competente o informe-proposta de renovación.
- Finalmente, mediante Resolución do 2 de xuño de 2025, publicada no DOG do 9 de xuño, renovouse a acreditación do Campus Terra como campus de especialización do SUG por un período de catro anos a contar desde a súa concesión.
- O 4 de setembro de 2025, a USC presentou o Programa de Necesidades do Campus Terra, elaborado a partir das recomendacións do proceso de avaliación e que constitúe o obxecto principal deste convenio.
- Xunto con esta documentación, achegouse o panel de indicadores de execución e resultado, co fin de garantir o seguimento e a avaliación obxectiva do cumprimento das condicións da acreditación, recollidos na táboa de indicadores e obxectivos, incorporada como Anexo I.

Por conseguinte, as partes asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS



PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería e a USC para o desenvolvemento de actuacións estratéxicas co fin de dotar ao Campus Terra dunha identidade propia, estreitamente ligada ás potencialidades económicas da súa contorna, así como unha maior visibilidade que garanta o seu futuro, tanto a nivel nacional como internacional, tendo en conta o establecido na súa resolución de acreditación.

Os obxectivos son consolidar unha maior especialización, compactidade e calidade da docencia e da investigación no Campus Terra.

O orzamento ascenderá a **4.731.449 €** distribuído nas anualidades 2026, 2027, 2028 e 2029, coas actuacións que se resumen no seguinte cadro:

ACTUACIÓNS	N.º	2026	2027	2028	2029	Σ do período (€)
D1. Gobernanza						
1.1. Organización e Gobernanza						
<i>A1/A2. Actualización e reforzo da estrutura da Gobernanza</i>		12.000	12.000	12.000	12.000	48.000
D2. Docencia						
2.1. Reformulación da oferta docente e captación de alumnado						
<i>A3. Actualización da oferta docente</i>		10.000	15.000	15.000	15.000	55.000
<i>A4. Reforzar as actividades de captación de estudantes</i>		15.000	15.000	15.000	15.000	60.000
2.2. Mellora da calidade docente						
<i>A5. Plan de mellora da calidade docente.</i>		100.000	80.000	60.000	50.000	290.000
<i>A6. Renovar e poñer en</i>		10.000	10.000	0	0	20.000



<i>valor selos internacionais de calidade das titulacións oficiais</i>						
2.3. Mellora da empregabilidade						
<i>A7. Mellorar a empregabilidade das persoas egresadas no mercado de traballo</i>		30.000	20.000	20.000	20.000	90.000
2.4. Reforzo da docencia con profesionais do tecido produtivo						
<i>A8. Reforzar a docencia a través de persoal experto e profesionais do tecido produtivo</i>		5.000	5.000	5.000	5.000	20.000
2.5. Programa de mobilidade estudiantil						
<i>A9. Posta en marcha dun programa de mobilidade de estudantes para a realización de prácticas no estranxeiro</i>		15.000	15.000	15.000	15.000	60.000
D3. Investigación						
3.1. Centro de investigación iTERRA						
<i>A13. Lanzamento, consolidación do iTERRA e reforzo das plataformas que forman parte do novo instituto</i>		75.000	76.000	52.785	54.632	258.417
3.2. Carreira investigadora e relevo xeracional						
<i>A14. Promoción de doutorados industriais</i>	6	2.500	2.500	2.500	2.500	10.000
<i>A15. Programa de contratos ou bolsas de iniciación á investigación: "Xermolos"</i>	96	55.200	55.200	55.200	55.200	220.800
<i>A16. Programa propio de contratos predoutorais: 2025 (5), 2026 (6), 2027</i>	5+ 12	228.600	334.540	343.380	365.930	1.272.450



<i>(6) e estadías (12)</i>						
<i>A17. Programa propio de contratos posdoutorais</i>	6	210.000	217.350	224.960	232.830	885.140
<i>A18. Programa de captación de talento a través de axudas RyC e similares</i>		21.000	21.000	21.000	21.000	84.000
3.3. Impulso da investigación liderada pola mocidade investigadora						
<i>A19. Proxectos colaborativos liderados por mocidade investigadora</i>	10/ ano	100.000	100.000	100.000	100.000	400.000
<i>A20. Congreso Ibérico da Mocidade Investigadora e outras actividades de divulgación científica lideradas pola mocidade investigadora</i>		10.000	1.000	10.000	1.000	22.000
3.4. Participación en proxectos Internacionais						
<i>A21. Presentación de candidaturas a proxectos internacionais</i>		10.000	10.000	10.000	10.000	40.000
3.5. Contratación de persoal						
<i>A22. Técnico/a Superior de Innovación e Xestión I+D+i</i>	1	55.000	56.925	58.917	60.979	231.821
D4. Transferencia						
4.1. Reforzo da relación Universidade-sociedade-tecido produtivo						
<i>A24. Impulsar a colaboración co sector produtivo para reforzar os programas de formación dirixidos a profesionais</i>		5.000	5.000	5.000	5.000	20.000
<i>A26. Reforzar as accións de transferencia dos</i>		20.000	20.000	20.000	20.000	80.000



<i>resultados de investigación á contorna social e económica</i>						
4.2. Protección e valorización de resultados de investigación transferibles ao mercado						
<i>A27. Reforzar o programa de protección e valorización de resultados de investigación</i>		30.000	30.000	30.000	30.000	120.000
4.3. Creación do roteiro TerraEmprende e impulso da innovación emprendedora agroambiental, rural e sostible						
<i>A28. Impulsar o emprendemento e a aceleración de empresas: creación do Roteiro Terra de Emprendemento: TerraEmprende</i>		20.000	20.000	20.000	20.000	80.000
4.4. Contratación de persoal						
<i>A30. Consolidar a contratación de persoal técnico de Transferencia e Emprendemento</i>	1	55.000	56.925	58.917	60.979	231.821
D5. Transparencia						
5.1. Plan de comunicación e reforzo de imaxe de Campus Terra.						
<i>A31. Potenciar e reforzar a imaxe do Campus en Redes Sociais</i>		29.000	29.000	29.000	29.000	116.000
<i>A33. Posta en valor da marca "Campus Terra" fóra de Galicia</i>		4.000	4.000	4.000	4.000	16.000

	2026	2027	2028	2029	TOTAL
Totais	1.127.300 €	1.211.440 €	1.187.659 €	1.205.050 €	4.731.449 €



SEGUNDA.- Actuacións

As accións neste convenio recollen as liñas xerais de colaboración coa USC para levar a cabo as seguintes actuacións (5) no Campus Terra, como campus acreditado do SUG, no período 2026-2029, tal e como se detallan a continuación:

ACTUACIÓN 1: GOBERNANZA

ACTUACIÓNS	N.º	2026	2027	2028	2029	Σ do período (€)
D1. Gobernanza						
1.1. Organización e Gobernanza						
<i>A1/A2. Actualización e reforzo da estrutura da Gobernanza</i>		12.000	12.000	12.000	12.000	48.000

A dirección do Campus Terra, nos seus diferentes niveis, contribuirá ao desenvolvemento do Campus e á súa vertebración co entorno mediante unha gobernanza participativa, empregando procedementos áxiles e transparentes e monitorizando o impacto dos seus resultados. Campus Terra ten que ser un proceso integrador de todas aquelas accións que estean aliñadas coa especialización do Campus, independentemente da área de coñecemento da que se trate.

Nesta dimensión as liñas de actuación son:

A1. Actualización e adaptación da estrutura de gobernanza e A2. Reforzo do tecido produtivo na estrutura interna do Campus.

Crearase unha estrutura de gobernanza áxil e participativa conectada coas demandas do tecido produtivo, o mercado e a sociedade. Para iso, realizaranse determinadas modificacións na gobernanza con respecto ao período anterior:

Na Comisión Reitora, modificada e aprobada no Consello de Goberno da USC en xullo de 2024, substituirase nesta nova etapa, ás dúas persoas representantes de empresas



que formaban parte dela por un ou unha representante da Cámara de Comercio de Lugo.

O Comité de Dirección é responsable de desenvolver as actuacións de liderado integrador, buscando o máximo aliñamento coa especialización e cooperando coa comunidade universitaria. Este comité está formado polo vicerreitor/a do Campus de Lugo, a dirección do Campus Terra, un representante da Comisión de Especialización Académica, un representante da Comisión de I+D+i e Transferencia e por dúas persoas da Unidade Técnica do Campus Terra.

Son dúas as Comisións externas que asesoran a este Comité de Dirección: a Comisión de Industrias Tractoras e a Comisión Científica Externa.

Créase a Comisión de Industrias Tractoras co fin de reforzar a relación con empresas e industrias estratéxicas relacionadas coa especialización do Campus Terra. Estará formada por representantes de empresas relacionadas coas diferentes liñas de especialización do Campus e tamén por organismos como CLUSAGA, AGADER, AGACAL e XERA. Esta Comisión deberá ser presidida pola Dirección do Campus Terra e na que participará tamén o vicerreitorado do Campus de Lugo. Constituirase no primeiro semestre de 2026 e deberá presentar un plan anual de actividades aliñado cos indicadores da dimensión "*Relación co tecido produtivo*".

A Comisión Científica Externa é a encargada de asesorar ao Comité de Dirección na evolución do Campus en todas as súas dimensións. Debe equilibrar a súa composición para que todas as liñas de especialización estean debidamente representadas incorporando a persoas expertas do ámbito agrario, forestal e medioambiental, e garantir o equilibrio entre investigación aplicada (*problem-driven research*) e básica (*curiosity-driven research*).

A Comisión de Especialización Académica dedícase á implementación da política de especialización do Campus a nivel de grao e máster e estará formada por representantes de decanatos e dirección dos centros directamente implicados na especialización, ademais de contar cunha representación do estudiantado ligado ao



Campus de especialización.

E por último, constitúese a Comisión de I+D+i e Transferencia que ten competencias no ámbito da investigación, transferencia de coñecemento, emprendemento e infraestruturas tecnolóxicas. Estará formada por representantes de grupos de investigación da especialización do Campus Terra, incluíndo investigadores e investigadoras novas, representante das plataformas tecnolóxicas e da Unidade técnica do Campus Terra.

Todas as comisións deben cumprir, na súa composición, co criterio de paridade de xénero, sempre que sexa posible.

Por outro lado é moi importante facer un correcto seguimento das actuacións levadas a cabo polas distintas Comisións por parte da Secretaría Xeral de Universidades a cal se lle facilitará información sobre os acordos tomados, propostas de asesoramento emitidas no ámbito competencial de cada Comisión etc.

A Dirección do Campus Terra deberá ser a responsable principal da xestión e dirección do Campus Terra, é dicir, das actividades e decisións que se aliñen co núcleo do perfil de especialización do Campus. Pola súa banda, a Vicerreitoría de Lugo, cun carácter máis global sobre o Campus de Lugo, deberá atender ao resto de actividades e perfís non incluídos no perfil de especialización do Campus Terra, ademais de apoiar administrativamente ao Campus Terra.

Por outro lado, a Comisión Avaliadora do Campus Terra recomenda incrementar a dotación de persoal técnico polo menos ata catro persoas, con dedicación exclusiva de apoio a dirección do campus, unha delas especificamente orientada ás tarefas de Transferencia de coñecemento. A dotación do persoal técnico non financiado por Campus Terra deben asumila os servizos centrais da USC e non detraerse do presuposto propio do Campus de especialización.

Outra cuestión importante para potenciar o posicionamento do Campus Terra como espazo estratéxico dentro do SUG, e que resulta altamente recomendable, é que todos os actos institucionais organizados desde o Campus se coordinen estreitamente coa Xunta de Galicia, xa que esta colaboración permitirá amplificar e asegurar unha



difusión conxunta desde ambas institucións, reforzando así o seu recoñecemento como Campus de especialización de referencia.

Dos indicadores chave contemplados na táboa de indicadores e obxectivos que figura no ANEXO I e relativos á dimensión de GOBERNANZA, a efectos de facer unha medición cuantitativa, seguiranse as seguintes consideracións:

- *Dirección do Campus TERRA*: delimitar formalmente e de xeito claro as funcións da Dirección do Campus TERRA e aquelas do Vicerreitorado do Campus de Lugo. Nomeamento formal do/a director/a do Campus TERRA. Ano de cumprimento: 2026. Peso 60 %.
- *Reforzo da xestión do Campus TERRA*: incrementar a dotación con cargo ao orzamento xeral da USC, non do de Campus TERRA, de persoal técnico en polo menos catro persoas (unha delas con dedicación exclusiva para Transferencia de Coñecemento). Deberíanse contratar na anualidade de 2026 e estenderse, polo menos, todo o período da reacreditación. Ano de cumprimento: 2026. Peso 30 %.
- *Comisión Asesora Científica Externa*: ampliar esta comisión con persoal experto do ámbito agrario, forestal e/ou medioambiental. Equilibrar os perfís entre "problem-driven research" e "curiosity driven research". Ano de cumprimento: 2026. Peso 10 %.

ACTUACIÓN 2: DOCENCIA

ACTUACIÓNS	N.º	2026	2027	2028	2029	Σ do período (€)
D2. Docencia						
2.1. Reformulación da oferta docente e captación de alumnado						
<i>A3. Actualización da oferta docente</i>		10.000	15.000	15.000	15.000	55.000
<i>A4. Reforzar as actividades de captación de estudantes</i>		15.000	15.000	15.000	15.000	60.000
2.2. Mellora da calidade docente						



<i>A5. Plan de mellora da calidade docente.</i>		100.000	80.000	60.000	50.000	290.000
<i>A6. Renovar e poñer en valor selos internacionais de calidade das titulacións oficiais</i>		10.000	10.000	0	0	20.000
2.3. Mellora da empregabilidade						
<i>A7. Mellorar a empregabilidade das persoas egresadas no mercado de traballo</i>		30.000	20.000	20.000	20.000	90.000
2.4. Reforzo da docencia con profesionais do tecido produtivo						
<i>A8. Reforzar a docencia a través de persoal experto e profesionais do tecido produtivo</i>		5.000	5.000	5.000	5.000	20.000
2.5. Programa de mobilidade estudiantil						
<i>A9. Posta en marcha dun programa de mobilidade de estudantes para a realización de prácticas no estranxeiro</i>		15.000	15.000	15.000	15.000	60.000

Na dimensión de Docencia, o Campus Terra focalizará os seus esforzos en primeiro lugar, en reformular a súa oferta docente xunto coa captación de alumnado nos vindeiros anos, sendo estes un dos principais retos aos que se enfronta o Campus. En segundo lugar, potenciar a mellora da calidade docente, tanto a través de formación ao PDI como coa adquisición de equipamento docente adecuado ás necesidades formativas. Outras actuacións irán dirixidas a mellorar as competencias do alumnado co obxectivo de prosperar tanto na súa formación académica, como na súa empregabilidade.

Deste xeito as liñas de actuación serían as seguintes:

A3. Actualización da oferta docente



Revisaranse e actualizaranse os plans de estudo daquelas titulacións xa existentes no Campus Terra (graos e mestrados) co fin de adaptalas ás necesidades actuais dentro dos marcos legais ministeriais que regulan algunhas desas titulacións. Tamén se analizará a creación de novas titulacións con enfoque innovador e que encaixen na especialización do Campus.

A4. Reforzar as actividades de captación de estudantes

A través de distintas accións divulgativas e de difusión das capacidades do Campus Terra, deberase impulsar a captación de estudantado tanto a nivel rexional, nacional como internacional. Esta acción contempla campañas internacionais e a participación en feiras educativas a nivel nacional e internacional.

A5. Plan de mellora da calidade docente

Proponse crear un Plan de Mellora Docente abordando, por un lado, a mellora da capacitación docente a través de formación permanente do profesorado e por outro lado, un Plan de Mellora do equipamento e infraestruturas docentes, especialmente para a consecución de prácticas de calidade.

A6. Renovar e poñer en valor selos internacionais de calidade das titulacións oficiais

Os selos internacionais de calidade confiren prestixio ás titulacións do Campus. Para este período proponse que os novos graos impartidos dentro da especialización do Campus Terra intenten obter ese recoñecemento e por suposto asegurar a renovación dos xa existentes.

A7. Mellorar a empregabilidade das persoas egresadas no mercado de traballo

Unha forma de mellorar a empregabilidade dos/das egresados/as é a través da oferta de formación transversal allea á titulación que cursa o estudantado, tal e como se estivo facendo en anos anteriores cunha boa taxa de éxito. Tamén é importante contar cun plan de prácticas de empresas remuneradas en Galicia e tamén no estranxeiro. Outra acción importante neste apartado é a organización anual dun evento de emprego enfocado a futuras persoas egresadas das distintas titulacións especializadas do Campus.



A8. Reforzar a docencia a través de persoal experto e profesionais do tecido produtivo

Unha forma de enriquecer a docencia é a través do reforzo da mesma coa colaboración de persoal experto e profesionais do tecido produtivo relacionado cos ámbitos de especialización do Campus, que aportan coñecementos prácticos e experiencias reais do mercado laboral ao estudiantado que lles resultan de moita utilidade. O número de expertos e profesionais docentes, farase constar na memoria xustificativa de cada anualidade, así como o grao de satisfacción do estudiantado.

A9. Posta en marcha dun programa de mobilidade de estudantes para a realización de prácticas no estranxeiro

Creación dun programa propio de bolsas de mobilidade internacional para estudantes que lle ofrecen oportunidades de desenvolvemento académico, profesional e persoal nun entorno internacional.

A10. Creación de FabLab de innovación docente

Co fin de crear unha oportunidade de descubrir novas formas de aprendizaxe trátase de crear un espazo ou espazos colaborativos por centros, equipados con tecnoloxías avanzadas (impresoras 3D, corte láser, aula de audiovisuais, dispositivos de realidade virtual etc) co fin de apoiar ao estudiantado e persoal docente para experimentar con novas metodoloxías de aprendizaxe.

A11. Creación dun programa de Microcredenciais

A idea é reforzar a captación de estudiantado de formación continua a nivel nacional e internacional a través de cursos de corta duración que teñen como obxectivo ofrecer certificacións específicas que recoñezan habilidades e coñecementos concretos adquiridos nas áreas de especialización do Campus. Esta acción será financiada pola USC.

A12. Reforzar a estrutura da xestión da docencia

Para acompañar aos centros docentes do Campus Terra nas tarefas de mellora docente, reformulación de graos e ideación de novas titulacións é necesario contar con persoal cualificado neste ámbito.



Accións Adicionais. Apoio extracurricular e Docencia en inglés

Proporcionar apoio extracurricular ao estudiantado que o necesite nos primeiros cursos, co obxectivo de mellorar as taxas de egresados/as en tempo.

Por outro lado é importante introducir progresivamente a docencia en inglés como vía de diferenciación académica e de posicionamento institucional. Para iniciar este proceso poderíase introducir unha materia optativa en inglés por curso, comezando polo segundo ou terceiro curso.

ACTUACIÓN 3: INVESTIGACIÓN

ACTUACIÓNS	N.º	2026	2027	2028	2029	Σ do período (€)
D3. Investigación						
3.1. Centro de investigación iTERRA						
<i>A13. Lanzamento, consolidación do iTERRA e reforzo das plataformas que forman parte do novo instituto</i>		75.000	76.000	52.785	54.632	258.417
3.2. Carreira investigadora e relevo xeracional						
<i>A14. Promoción de doutorados industriais</i>	6	2.500	2.500	2.500	2.500	10.000*
<i>A15. Programa de contratos ou bolsas de iniciación á investigación: "Xermolos"</i>	96	55.200	55.200	55.200	55.200	220.800
<i>A16. Programa propio de contratos predoutorais: 2025 (5), 2026 (6), 2027 (6) e estadías (12)</i>	5+ 12	228.600	334.540	343.380	365.930	1.272.450
<i>A17. Programa propio de contratos posdoutorais</i>	6	210.000	217.350	224.960	232.830	885.140



A18. Programa de captación de talento a través de axudas RyC e similares		21.000	21.000	21.000	21.000	84.000
3.3. Impulso da investigación liderada pola mocidade investigadora						
A19. Proxectos colaborativos liderados por mocidade investigadora	10/ ano	100.000	100.000	100.000	100.000	400.000
A20. Congreso Ibérico da Mocidade Investigadora e outras actividades de divulgación científica lideradas pola mocidade investigadora		10.000	1.000	10.000	1.000	22.000
3.4. Participación en proxectos Internacionais						
A21. Presentación de candidaturas a proxectos internacionais		10.000	10.000	10.000	10.000	40.000
3.5. Contratación de persoal						
A22. Técnico/a Superior de Innovación e Xestión I+D+i	1	55.000	56.925	58.917	60.979	231.821

Na dimensión de Investigación, o Campus Terra ten como obxectivos estratéxicos o lanzamento e consolidación do centro de investigación iTERRA - Instituto de Investigación Saúde Global e Desenvolvemento Sostible, e unha aposta clara e firme por continuar impulsando a carreira científica en persoal investigador novel, co obxectivo de afrontar o reto da renovación xeracional que se vai a presentar nos vindeiros anos. Estes dous fitos deben consolidar e proxectar ao exterior a investigación de calidade levada a cabo no Campus Terra dende vai anos, dándolle especial relevancia ao papel da mocidade investigadora.

Deste xeito, as principais liñas de acción serían as seguintes:



A13. Consolidar o centro iTERRA - Instituto de Investigación Saúde Global e Desenvolvemento Sostible.

Trala súa creación por acordo de Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela en xullo de 2025, o iTERRA iniciará a súa actividade co nomeamento de un/unha Director/a Comisario/a e a dotación dunha estrutura administrativa encargada de xestionar a adscrición do persoal investigador. Con elo, o centro podería acadar cinco fitos estruturais: plan estratéxico, consolidación dunha dirección, nomeamento dun comité asesor, adscrición de grupos e/ou persoal investigador e establecemento dun plan de avaliación por parte do Comité Asesor Científico dos grupos e/ou investigadores/as.

A14. Promoción de doutorados industriais.

Co obxectivo de formar doutores/as con habilidades técnicas avanzadas e experiencia práctica nas áreas de especialización do Campus Terra e impulsar a investigación aplicada e fomentar a transferencia de tecnoloxía, levaranse a cabo accións para establecer acordos con empresas que permitan á mocidade investigadora desenvolver investigacións directamente aplicables a problemas reais da industria. O obxectivo marcado sería de 6 doutorados industriais nesta nova etapa.

A15. Reforzar o programa de contratos ou bolsas de iniciación á investigación: "Xermolos".

Co fin de darlle continuidade ao programa de bolsas de iniciación á investigación iniciado na anterior etapa de acreditación, refórzase o mesmo aumentando o número de bolsas ofertadas ata as 96 para os vindeiros 4 anos, contribuíndo así a xerar un maior número de potenciais investigadores/as que desenvolvan a súa carreira científica no Campus Terra. A duración das mesmas será de 4 meses.

A16. Reforzar o Programa propio de contratos predoutorais.

Ao igual que as bolsas de iniciación á investigación, o programa propio de contratos predoutorais potenciarase co obxectivo de ofertar 12 prazas con contratos de 4 anos de duración. Tamén se inclúen estancias para os 12 persoas contratadas financiadas con 4.000€ cada unha.



A17. Reforzar o Programa propio de contratos posdoutorais.

O programa propio de contratos posdoutorais potenciarase co obxectivo de ofertar 6 prazas con contratos de 4 anos de duración.

A18. Impulsar a captación de talento investigador a través de axudas Ramón y Cajal e similares.

Con esta acción, preténdese atraer talento ao Campus Terra a través de programas como o Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, ATRAE e ERC/Oportunius. Con iso, ademais de atraer persoal investigador de alto nivel, perséguese abrir o Campus ao exterior e ter máis visibilidade a nivel nacional e internacional.

A19. Potenciar e apoiar a posta en marcha de proxectos colaborativos para impulsar o liderado do talento mozo.

O obxectivo principal desta liña de actuación é impulsar accións vencelladas á posta en marcha de **dez (10) proxectos colaborativos por anualidade**, que reforcen e apoiem ao persoal investigador mozo no desenvolvemento da súa carreira, a nivel de competencia científica e capacidade investigadora e en especial, no seu liderado en proxectos de investigación, como xa se veu facendo na anterior etapa. Os proxectos serán liderados por mocidade investigadora contratada con título de doutor/a, coa finalidade de realizar estudos conxuntos que favorezan a cooperación entre grupos de diferentes áreas científicas e o desenvolvemento de novas liñas e capacidades colaborativas. Estes estudos poden ser apoiados e reforzados coa participación de empresas ou outros centros de investigación.

A20. Congreso científico e outras actividades divulgativas impulsadas e lideradas polo persoal investigador mozo do Campus Terra.

Nesta acción inclúese a celebración do II e III Congreso Ibérico da Mocidade Investigadora de Campus Terra: Raíces do Coñecemento (anualidades de 2026 e 2028), e doutra banda, todas aquelas accións de divulgación científica lideradas por persoal investigador novel xa existente (*Pint of Science*, *Divulga-T*, *Ciencia e cañas*, *G-Nigth*...) como outras novas iniciativas. Todas estas actividades perseguen a creación de redes de colaboración internas e externas, así como dar visibilidade á ciencia que se desenvolve no Campus Terra.



A21. Impulsar a participación do Campus Terra en proxectos de financiación internacional.

Co obxecto de dinamizar e impulsar a participación do Campus Terra en proxectos de financiación internacional débese levar a cabo unha estratexia enfocada na visibilidade, a colaboración e a adecuación ás convocatorias e esixencias dos organismos internacionais. Para iso, deberían executarse unha serie de accións como por exemplo, o reforzo da unidade técnica de Campus Terra cunha persoa xestora de proxectos internacionais, impulsar a participación do campus nos programas Horizonte Europa e ERC, así como fomentar as colaboracións con organizacións e centros de investigación de ámbito europeo.

A22. Consolidar a contratación do persoal técnico de Xestión de I+D+i.

Para o desenvolvemento de todas as liñas de actuación dentro do ámbito da investigación no Campus Terra é necesaria a adscrición dun técnico/a superior de xestión con perfil de innovación e xestión de I+D+i.

ACTUACIÓN 4: TRANSFERENCIA

ACTUACIÓNS	N.º	2026	2027	2028	2029	Σ do período (€)
D4. Transferencia						
4.1. Reforzo da relación Universidade-sociedade-tecido produtivo						
A24. Impulsar a colaboración co sector produtivo para reforzar os programas de formación dirixidos a profesionais		5.000	5.000	5.000	5.000	20.000
A26. Reforzar as accións de transferencia dos resultados de investigación á contorna social e económica		20.000	20.000	20.000	20.000	80.000
4.2. Protección e valorización de resultados de investigación transferibles ao mercado						



A27. Reforzar o programa de protección e valorización de resultados de investigación		30.000	30.000	30.000	30.000	120.000
4.3. Creación do roteiro TerraEmprende e impulso da innovación emprendedora agroambiental, rural e sostible						
A28. Impulsar o emprendemento e a aceleración de empresas: creación do Roteiro Terra de Emprendemento: TerraEmprende		20.000	20.000	20.000	20.000	80.000
4.4. Contratación de persoal						
A30. Consolidar a contratación de persoal técnico de Transferencia e Emprendemento	1	55.000	56.925	58.917	60.979	231.821

Na dimensión de Transferencia, o Campus Terra centrarase en fortalecer as relacións estratéxicas coa contorna produtiva, social e científico-tecnolóxica para a explotación e transferencia de coñecemento co fin de contribuír ao benestar económico e social, tanto na actualización permanente dos coñecementos dos e das profesionais como no compromiso coa innovación e o emprendemento. Entre estas actuacións destacan: impulsar a formación para o sector produtivo; maduración, valorización e protección dos resultados de I+D do Campus, a través do reforzo do programa de proba concepto; posta en marcha do Roteiro *Terra de Emprendemento-TerraEmprende* e visibilización, reforzo e impulso dos servizos que ofrecen as plataformas tecnolóxicas das que dispón Campus Terra.

Deste xeito, as principais liñas de acción serían as seguintes:

A23. Poñer en valor as capacidades e recursos do Campus Terra para o tecido produtivo a través da ferramenta dixital "PICTerra"

No novo período reforzarse e optimizarase a ferramenta **PICTerra** co fin de que aumente a visibilización e posicionamento do Campus nas súas liñas de especialización,



poñer en valor as infraestruturas, equipamentos singulares, recursos, capacidades e servizos prestados polas diferentes estruturas de investigación ao Campus.

A24. Impulsar a colaboración co sector produtivo para reforzar os programas de formación dirixidos a profesionais.

Co fin de reforzar e mellorar os programas de formación continua (específica ou "a demanda") co obxectivo de que estean aliñados coas demandas cambiantes dos sectores produtivos e melloren a capacitación e competitividade do persoal profesional, contéplase a realización das seguintes accións: diagnóstico de necesidades de formación emerxentes, desenvolver cursos habilitantes vinculados ás liñas de especialización do Campus, impulso de alianzas estratéxicas con entidades do sector produtivo e aproveitar os recursos das Plataformas Tecnolóxicas do Campus co fin de reforzar as accións formativas para o tecido produtivo.

A26. Reforzar as accións de transferencia dos resultados de investigación á contorna social e económica.

Nesta acción, que ten como obxectivo reforzar as accións de transferencia de resultados de investigación á contorna social e económica realizadas polo Campus Terra, propónse a realización de diferentes actividades que impulsen a transferencia efectiva de coñecementos e tecnoloxías e reforcen a relación universidade - sociedade - tecido produtivo. Entre elas a realización de xornadas de transferencia por cada unha das liñas de especialización do Campus, en colaboración con axentes de interese e diversas entidades sectoriais e Ciclo de Talleres de retos de Industrias Tractoras, para fomentar a colaboración entre o sector académico e empresarial, impulsando a innovación e resolvendo desafíos específicos no ámbito produtivo.

A29. Creación de novas cátedras con empresas tractoras.

Este programa de Cátedras do Campus Terra enfócase en establecer alianzas estratéxicas entre o Campus Terra e empresas tractoras daqueles sectores vinculados ás liñas de especialización, coas que se contribúa a desenvolver proxectos de investigación, formación e innovación orientados a solucionar desafíos específicos do sector produtivo e xerar un impacto positivo na sociedade e a contorna económica. Ademais aproveitarase tamén as capacidades da Rede de Plataformas Tecnolóxicas de



Campus Terra, dos seus Grupos de Investigación e das súas diferentes infraestruturas singulares co fin de ofrecer un programa o máis integral e completo posible.

A25. Reforzar e consolidar a Rede de Plataformas Tecnolóxicas e Científicas do Campus Terra para poñer en valor as súas capacidades e recursos.

Co fin de poñer en valor as capacidades, recursos, equipamentos e infraestruturas singulares das Plataformas Tecnolóxicas e Científicas do Campus Terra, desenvolverase unha "comercialización cruzada" entre as catro plataformas poñendo en marcha distintas accións: posicionamento e visibilización enfocadas nas capacidades conxuntas, implicar a Rede de Plataformas nos programas de formación "a demanda", poñer en valor as capacidades destas plataformas entre estudantado do campus e formación profesional e reforzar a súa colaboración con actores empresariais a través da ferramenta PICTerra alcanzando así novas vías de financiación.

A27. Reforzar o programa de protección e valorización de resultados de investigación.

Co obxectivo de maximizar o impacto dos resultados de investigación mediante a protección adecuada da propiedade industrial e intelectual, a súa valorización no mercado e a creación dun ecosistema que impulse a innovación, a sustentabilidade e a competitividade, neste período desenvolveranse xornadas de formación en materia de protección e transferencia de resultados ao persoal investigador, reforzase o programa de valorización e activación a transferencia de tecnoloxía e poñerase en valor o potencial do FabLab de innovación docente para desenvolvementos e escalados por parte do persoal investigador e os axentes do tecido produtivo e mellora e reforzo do equipamento singular dos mesmos de cara ao prototipado de resultados.

A28. Impulsar o emprendemento e a aceleración de empresas: creación da "Ruta Terra de Emprendemento".

Co fin de crear un ecosistema dinámico e sostible que fomente a creación, o desenvolvemento e a escalabilidade de empresas, especialmente en sectores relacionados coas liñas de especialización do Campus Terra, creárase o "Roteiro Terra de Emprendemento-TerraEmprende", o cal terá en conta as distintas fases do proceso de emprendemento e aceleración a través da posta en marcha de distintas accións.



Nunha primeira acción establece un proceso de *Scouting tecnolóxico*, identificación de resultados de investigación con potencial transferible e como segunda acción establécese a implantación do roteiro *TerraEmprende* que engloba varias fases: *Fase 1. Ideación e Pre-incubación, Fase 2. Aceleración e Fase 3. Escalabilidade e internacionalización*. Estas accións permitirán posicionar ao Campus Terra nun nodo de referencia en innovación emprendedora agroambiental, rural e sostible.

A30. Consolidar a contratación de persoal técnico de Transferencia e Emprendemento.

Para o desenvolvemento de todas as liñas de actuación dentro do ámbito da transferencia no Campus Terra é necesaria a adscrición dun/dunha técnico/a superior de xestión con perfil de transferencia e emprendemento.

ACTUACIÓN 5: INFORMACIÓN PÚBLICA E TRANSPARENCIA

ACTUACIÓNS	N.º	2026	2027	2028	2029	Σ do período (€)
D5. Transparencia						
5.1. Plan de comunicación e reforzo de imaxe de Campus Terra.						
<i>A31. Potenciar e reforzar a imaxe do Campus en Redes Sociais</i>		29.000	29.000	29.000	29.000	116.000
<i>A33. Posta en valor da marca "Campus Terra" fóra de Galicia</i>		4.000	4.000	4.000	4.000	16.000

Na dimensión de Transparencia, as accións planificadas integran unha serie de actividades que van dende o reforzo da comunicación interna e externa do Campus Terra, ata a creación da marca "Lugo Cidade Universitaria", e pasando polo acceso á información de relevancia por parte do público xeral así como a posta en marcha de actividades en materia de igualdade.

A31. Potenciar e reforzar a imaxe do Campus en Redes Sociais.

Conscientes da nova realidade actual, no que os medios *online* e dixitais son unha parte



fundamental da comunicación das institucións debido ao seu amplo alcance, o Campus Terra, buscará neste período potenciar e reforzar a súa imaxe en redes sociais dirixíndose tanto á comunidade universitaria (especialmente alumnado) como ao tecido produtivo. Preténdese acadar unha comunicación fiable e útil para o destinatario/a.

A32. Actualización e mellora da páxina web do Campus Terra.

Propónse unha actualización e mellora da web de Campus Terra que contribúa á optimización da súa funcionalidade, deseño e alcance entre os grupos obxectivo. Esta acción xirará en torno á mellora visual e accesibilidade, a completa implantación da web en tres idiomas (castelán, galego e inglés), optimización SEO e potenciar o portal de transparencia integrando información sobre indicadores e cadro de mando.

A33. Posta en valor da marca "Campus Terra".

Esta acción implica deseñar e aplicar estratexias destinadas a fortalecer a identidade, o recoñecemento e o posicionamento do Campus como un referente en educación, investigación e compromiso co entorno. Deste xeito, preténdese aumentar a súa visibilidade entre estudantes, persoal investigador, tecido produtivo, institucións e a sociedade en xeral e potenciar a súa conexión co entorno e a comunidade local e internacional.

A34. Manter unha Política de Open Access actualizada.

Esta acción implica xestionar e actualizar continuamente a política de acceso aberto do Campus co fin de garantir a transparencia, a difusión de coñecemento e o cumprimento de normativas internacionais. Por iso, o persoal responsable do Campus realizará unha revisión e actualización periódica da mesma para aliñala con cambios normativos, tecnolóxicos e de estándares de acceso aberto.

A35. Reforzar a marca "Lugo Cidade Universitaria".

En colaboración co Concello de Lugo, e co obxectivo de acadar unha maior captación de estudantado, idearase unha estratexia para promocionar o atractivo da cidade como unha cidade universitaria. Para iso, desenvolveranse accións de difusión. Tamén sería interesante concorrer a "Distinción Cidade da Ciencia e a Innovación 2027" do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.





A36. Posta en marcha de actividades en materia de igualdade.

As actividades a desenvolver neste punto centraranse principalmente na difusión das accións deseñadas no Plan de Igualdade en Campus Terra, ampliar o recoñecemento institucional aos servizos e asociacións que promovan a igualdade, incentivar TFG ou TFM con enfoque de xénero e incrementar as campañas de sensibilización sobre acoso e violencia de xénero, entre outras.

TERCEIRA.- Obrigas

De acordo coa lexislación vixente, as partes comprométense:

A Consellería comprométese a colaborar no financiamento do gasto realizado pola USC para impulsar as accións descritas neste convenio.

A USC comprométese a:

- a) Desenvolver as accións descritas, a someterse a avaliación continua do desenvolvemento das accións específicas para o Campus de Especialización, así como facer constar en calquera tipo de publicidade e información que realice ao respecto a participación e a colaboración da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo órgano concedente, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, aportando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Así mesmo, a USC comprométese a cumprir calquera outra obriga establecida no artigo 40 do Regulamento da *Lei 9/2007, de subvencións de Galicia*, en relación co artigo 11 da citada Lei.

- c) A facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos, en particular as enquisas do INE, relacionados coa medición da I+D+i. Os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia. No marco de seguimento e avaliación da RIS3 Galicia





desenvolverase un seguimento específico das axudas concedidas. Este seguimento estará baseado na recompilación de información acerca dos resultados económicos e científico-técnicos obtidos polas entidades beneficiarias. A tales efectos, durante a execución e ao finalizar a axuda (expost), as entidades beneficiarias deberán proporcionar información relativa a unha serie de indicadores, entre os que se incluírán indicadores xerais e específicos de I+D+i.

- d) Comunicar á Secretaría Xeral de Universidades a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos. A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- e) Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos e máis os xuros de mora devindicados dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto a USC non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Igualmente, a USC comprométese a que o límite dos gastos de viaxe, aloxamento e manutención imputables a este convenio axústase aos importes establecidos no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ó persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.



CUARTA.- Financiamento

A dotación da Consellería para este convenio ascende a catro millóns setecentos trinta e un mil catrocentos corenta e nove euros (**4.731.449 €**) con cargo á aplicación orzamentaria 07.02.561B.744.0 (código de proxecto 2016 00129) no marco do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021, DOG número 248, do 28 de decembro). As anualidades do 2027, 2028 e 2029 integraranse no novo plan de financiamento, sempre que así o permitan as dispoñibilidades orzamentarias.

Non obstante, dado que o financiamento destas axudas procede do Plan Galego de Financiamento Universitario para o período 2022-2026, de acordo co establecido no artigo 115.4 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, si na data de finalización da vixencia dun plan de financiamento non estivese aprobado o novo plan, prorrogarase a vixencia de aquel ata a aprobación e o comezo de efectos do novo plan, sempre que así o permitan as dispoñibilidades orzamentarias da Administración autonómica.

O reparto deste importe por anualidades é o seguinte:

	2026	2027	2028	2029	TOTAL
Totais	1.127.300	1.211.440	1.187.659	1.205.050	4.731.449 €

Esta cantidade de 4.731.449 € constitúe un importe certo, destinado ao financiamento das actividades recollidas neste convenio, estando ao disposto no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Os importes das axudas destinados á Universidade de Santiago de Compostela financiarán os conceptos que, de maneira indubidable, respondan á natureza das actividades obxecto do convenio. En particular, poderán incluír:

- Custo de contratación de persoal investigador, persoal xestor, etc.





- Equipamento inventariable, material funxible e mobiliario; pequenas reformas; dotación de laboratorios.
- Material bibliográfico, cotas asociacións, congresos, coloquios, etc., así como adhesión a sociedades científicas.
- Organización de actividades de difusión, así como presenza en medios de comunicación, vídeos, xornadas e reunións científicas.
- Dietas de viaxe e aloxamento.
- Actividades formativas: cursos e talleres.
- Axudas á organización de reunións e congresos.
- Xestión de patentes.
- Ferramentas de xestión do coñecemento e a información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, licenzas, etc.
- Servizo de consultoría e asesoramento externo para estudos, traballos técnicos e actividades complementarias.

A axuda é compatible con outras subvencións e axudas destinadas ao mesmo fin. Porén, en ningún caso o importe das subvencións outorgadas pola Consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras axudas públicas ou privadas, supere o custo total da actividade subvencionada, de acordo co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co establecido no artigo 11.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a obriga de presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento destas obrigas e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública.



QUINTA.- Fondo de mellora vinculado ao cumprimento de indicadores

Establécese un fondo de mellora, segundo o cal a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional poderá incrementar a dotación económica do presente convenio ata un máximo de 6.105.000 €, sempre que o Campus Terra cumpra os indicadores de desempeño definidos nas táboas que se inclúen a continuación. Este fondo de mellora tramitarase coa correspondente addenda.

O fondo de mellora ou incentivos ten unha dotación total de 1.373.551 €, distribuída en catro das cinco dimensións do convenio, de forma proporcional ao peso relativo destas e dos seus indicadores. O importe deste fondo de mellora, sumado aos 4.731.449 € de importe fixo do convenio, incrementa potencialmente o financiamento do Campus Terra ata os 6.105.000€. A dotación deste fondo se financiará coa aplicación orzamentaria e conforme ao establecido na cláusula cuarta.

O incremento do crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito e previa aprobación da modificación orzamentaria que proceda, de acordo co artigo 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A liberación dos fondos de mellora estará condicionada á verificación do grao de cumprimento dos obxectivos establecidos para cada indicador. A Secretaría Xeral de Universidades procederá á súa posta a disposición unha vez comprobados os resultados, sempre de forma proporcional ao nivel de desempeño acadado. Deste xeito, o incremento de orzamento corresponderá ao asignado a cada indicador conseguido no momento da revisión e de acordo cos criterios establecidos nas táboas seguintes.

A dotación liberada poderá empregarse para sufragar gastos directamente vinculados co desenvolvemento do Campus Terra e da súa acreditación, sempre que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades obxecto do financiamento recollidas na cláusula cuarta deste convenio. Os gastos subvencionables co fondo de mellora serán os correspondentes ás actuacións:





- A3. Actualización da oferta docente
- A10. Creación de FabLab de innovación docente
- A11. Creación dun programa de Microcredenciais
- A12. Reforzar a estrutura da xestión da docencia cun Técnico/a Superior de Xestión
- A14. Promoción de doutorados industriais
- A21. Presentación de candidaturas a proxectos internacionais
- A23. Poñer en valor as capacidades e recursos do Campus Terra para o tecido produtivo a través da ferramenta dixital "PICTerra"
- A25. Reforzar e consolidar a Rede de Plataformas Tecnolóxicas e Científicas do Campus Terra para poñer en valor as súas capacidades e recursos
- A29. Creación de novas cátedras con empresas tractoras
- A32. Actualización e mellora da páxina web do Campus Terra
- A34. Manter unha Política de Open Access actualizada
- A35. Reforzar a marca "Lugo Cidade Universitaria"
- A36. Posta en marcha de actividades en materia de igualdade
- Outras que se poidan acordar no seo da Comisión de Seguimento.

Distribución do orzamento do fondo de mellora

O orzamento destinado ao fondo de mellora distribuirase conforme á seguinte táboa de indicadores, obxectivos e orzamento asociado ao correcto desempeño en cada un deles:

[cadro páxina seguinte]



DIMENSIÓN/INDICADOR	2026	2027	2028	2029	IMPORTE TOTAL	PESO DIMENSIÓN	PESO INDICADOR
D1. Gobernanza	0 €	0 €	82.413,06 €	82.413,06 €	164.826,12 €	12%	100%
<i>Incremento de dotación de persoal técnico ata 4 persoas (unha delas para Transferencia de coñecemento) con vixencia durante todo o período de reacreditación. Polo menos unha delas, na metade do período, debe estar financiada con cargo ao orzamento xeral da USC.</i>	0 €	0 €	82.413,06 €	82.413,06 €	164.826,12 €		100%
D2. Docencia	0 €	0 €	226.635,92 €	226.635,92 €	453.271,83 €	33%	100%
<i>Títulos universitarios novos postos en marcha</i>	0 €	0 €	113.317,96 €	113.317,96 €	226.635,92 €		50%
<i>Titulacións con docencia parcial en inglés (Polo menos unha materia por curso)</i>	0 €	0 €	113.317,96 €	113.317,96 €	226.635,92 €		50%
D3. Investigación	0 €	0 €	396.612,85 €	56.658,98 €	453.271,83 €	33%	100,00%
<i>Publicacións en revistas JCR</i>	0 €	0 €					
<i>% publicacións en Q1</i>	0 €	0 €	56.658,98 €	56.658,98 €	135.981,55 €		25%
<i>% publicacións en D1</i>	0 €	0 €					
<i>Predoutorais novos totais (externos)</i>	0 €	0 €	45.327,18 €	0 €	45.327,18 €		10%
<i>Ramón y Cajal (ou Beatriz Galindo, ERC) incorporados</i>	0 €	0 €	67.990,77 €	0 €	67.990,77 €		15%
<i>Financiación captada por proxectos competitivos (Internacionais, Nacionais, autonómicos). Non internos do Campus (M€)</i>	0 €	0 €	113.317,96 €	0 €	113.317,96 €		25%
<i>Aprobación do Plan estratéxico do iTerra</i>	0 €	0 €	113.317,96 €	0 €	113.317,96 €		25%
<i>Nomeamento da Dirección científica do iTerra</i>	0 €	0 €					



<i>Constitución do Comité Asesor Científico con, polo menos, 20 compoñentes internacionais.</i>	0 €	0 €					
<i>Número de reunións do Comité asesor científico do iTerra</i>	0 €	0 €					
<i>Adscrición efectiva de grupos e/ou persoal investigador ao iTerra</i>	0 €	0 €					
<i>Plan de avaliación de grupos e/ou persoal investigador polo Comité Asesor Científico</i>	0 €	0 €					
D4. Transferencia	0 €	0 €	151.090,61 €	151.090,61 €	302.181,22 €	22%	100%
<i>Novas empresas colaboradoras nos programas de formación</i>	0 €	0 €	45.327,18 €	45.327,18 €	90.654,37 €		30%
<i>Patentes presentadas</i>	0 €	0 €	75.545,31 €	75.545,31 €	151.090,61 €		50%
<i>Rexistros de propiedade intelectual presentados</i>	0 €	0 €	30.218,12 €	30.218,12 €	60.436,24 €		20%
TOTAL	0 €	0 €	856.752,44 €	516.798,56 €	1.373.551,00 €		

Obxectivos a conseguir nos indicadores clave de desempeño

A continuación indícase, para cada dimensión, os obxectivos anuais que deberán acadarse en cada indicador, e cuxa obtención condicionarán a posta a disposición do orzamento arriba mencionado.

1. Gobernanza

Nesta dimensión, comprobarase o estado de cumprimento do indicador tanto ao finalizar o 2027 como o 2028, liberándose, se procede, a parte do orzamento proporcional nas anualidades seguintes (2028 e 2029 respectivamente):

- *Reforzo da xestión do Campus TERRA:* Incremento de dotación de persoal técnico hasta 4 persoas (unha delas para Transferencia de coñecemento) con vixencia durante todo o período de re acreditación. Polo menos unha delas, na metade do período, debe estar financiada con cargo ao orzamento xeral da USC. Ano de cumprimento: 2026. Peso 30 %.



2. Docencia

Nesta dimensión, comprobarase o estado de cumprimento dos indicadores ao finalizar o **2027 e o 2028**, liberándose, se procede, a parte do orzamento proporcional nas anualidades seguintes (2028 e 2029 respectivamente):

Indicador	2026	2027	2028	2029	Total
<i>Títulos universitarios novos postos en marcha</i>	0	1	1	1	3
<i>Titulacións con docencia parcial en inglés (polo menos unha materia por curso)</i>	4	6	8	10	10

3. Investigación

De forma xeral, a revisión dos indicadores desta dimensión realizarase ao **finalizar o ano 2027**, e nalgúns casos concretos estenderase ata o **2028**, co obxecto de avaliar adecuadamente a consolidación dos resultados:

Indicador	2026	2027	2028	2029	Total
<i>Publicacións en revistas JCR</i>	320	370	400	420	1.510
<i>% publicacións en Q1</i>	65%	66%	68%	70%	67%
<i>% publicacións en D1</i>	48%	49%	50%	52%	50%
<i>Predoutorais novos totais (externos)</i>	3	5	5	6	19
<i>Ramón y Cajal (ou Beatriz Galindo, ERC) incorporados</i>	2	2	3	3	10
<i>Financiación captada por proxectos competitivos (Internacionais, Nacionais, autonómicos). Non internos do Campus (M€)</i>	5,0	5,5	6,0	6,5	23,0
<i>Aprobación do Plan estratéxico do iTerra</i>	Si	N/A	N/A	N/A	Si
<i>Nomeamento da Dirección do iTerra</i>	Si	N/A	N/A	N/A	Si
<i>Constitución do Comité Asesor</i>	Si	N/A	N/A	N/A	Si





<i>Científico con, polo menos, 2 compoñentes internacionais.</i>					
<i>Número de reunións do Comité asesor científico do iTerra</i>	1	2	2	2	2 por ano
<i>Adscrición efectiva de grupos e/ou persoal investigador ao iTerra</i>	N/A	Si	N/A	N/A	Si
<i>Plan de avaliación de grupos e/ou persoal investigador polo Comité Asesor Científico</i>	N/A	Si	N/A	N/A	Si

4. Transferencia

A comprobación do grao de cumprimento dos indicadores da dimensión de Transferencia efectuarase ao finalizar os exercicios 2027 e 2028, liberándose, se procede, a parte proporcional do orzamento nas anualidades seguintes (2028 e 2029 respectivamente):

Indicador	2026	2027	2028	2029	Total
<i>Novas empresas colaboradoras nos programas de formación</i>	4	4	4	5	5
<i>Patentes presentadas</i>	1	2	2	3	8
<i>Rexistros de propiedade intelectual presentados</i>	4	5	6	8	23

En síntese, esta cláusula adicional establece un mecanismo de financiamento adicional baseado no rendemento, que busca incentivar a mellora continua en materia de gobernanza, docencia, investigación e transferencia. O cumprimento progresivo dos indicadores permitirá reforzar a estrutura de xestión, consolidar a calidade docente, incrementar a produción científica e fomentar a colaboración con empresas e entidades do contorno.

SEXTA.- Xustificación e Fórmula de pagamento

Con respecto á xustificación e posterior pagamento das anualidades previstas neste convenio, a Universidade de Santiago de Compostela deberá achegar antes do 1 de





decembro de cada anualidade a seguinte documentación:

- a) Unha certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.
- b) Un informe relativo o cumprimento das recomendacións emitidas polo Comité de Avaliación no informe final do proceso de avaliación, así como presentar os indicadores de execución e resultado recollidos na táboa de indicadores e obxectivos, incluída no anexo I deste documento.
- c) Conta xustificativa que deberá incluír unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos e a memoria económica das actividades realizadas que, como mínimo, deberá desglosar de forma individualizada cada unha das actuacións descritas neste Convenio (5), cos conceptos, procedementos de contratación, períodos de realización e pagamento dos gastos presentados, así como calquera outra información considerada relevante. Deberase entregar folla de cálculo e pdf asinado dos gastos e dos pagamentos con exacta correspondencia entre ambos os dous documentos. En todo caso, a Universidade deberá custodiar e conservar toda a documentación xustificativa derivada dos compromisos deste convenio (facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas, xustificantes de transferencias bancarias ou calquera outra que sexa necesaria) e poñela a disposición do órgano xestor, ou demais órganos de control, no momento en que esta lle poida ser requirida.
- d) Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.
- e) Así mesmo, deberase presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.
- f) Certificado de que o límite dos gastos de viaxe, aloxamento e manutención





imputables a este convenio se axusta aos importes establecidos no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ó persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

Os pagamentos realizados no mes de decembro das anualidades de 2026, 2027 e 2028 poderán presentarse como xustificante de gasto do ano seguinte, ante a imposibilidade de presentalos na anualidade correspondente por estar rematado o período de xustificación. Así mesmo, os pagamentos correspondentes ás nóminas e Seguridade Social dos meses de novembro e decembro de cada anualidade presentaranse como xustificante de gasto do ano seguinte. No caso da última anualidade 2029, dado que o dito prazo debe cumprir co establecido no artigo 45.5 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, o prazo de xustificación das nóminas de novembro e decembro deberá realizarse dentro da anualidade 2029.

Ademais, por mor das características da evolución dinámica do Campus Terra, poderá redistribuírse o orzamento dos subpartados de cada actuación dentro dunha mesma anualidade, sempre que se manteña o orzamento global da actuación e previa autorización da comisión de seguimento establecida na cláusula oitava.

Poderán realizarse pagamentos anticipados que supoñan entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ata un máximo do 50% da subvención concedida para cada anualidade, de acordo co previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En ningún caso os pagos anticipados poderán superar a anualidade prevista no exercicio orzamentario.

A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada do Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, previa solicitude debidamente xustificada da entidade beneficiaria.

A concesión de anticipos quedará condicionada ao cumprimento, da parte beneficiaria, dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





A realización de pagamentos anticipados está exenta da constitución de garantías por parte das universidades, de acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co artigo 54 da Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

SÉTIMA.- Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Consellería, de tal xeito que non se lle pode exixir ningunha responsabilidade, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

OITAVA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Tres membros da Secretaría Xeral de Universidades, un dos cales ostentará a presidencia.
- Tres membros da Universidade de Santiago de Compostela.

Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, e promoverá, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola Consellería.



NOVENA.- Modificación do convenio

Consonte co disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio.

Calquera modificación que as partes acorden realizar sobre o presente convenio deberase formalizar por escrito.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor coa sinatura dixital do último dos asinantes, sen prexuízo de que poida atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2026, e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2029.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Extinción do convenio

Non obstante ao establecido na cláusula anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. Así mesmo, o convenio extinguirase polas causas previstas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. En calquera destes casos, así como no caso de incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por cada unha das partes, procederase á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33



da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se vai minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da axudas percibida.
- b) Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

DÉCIMO SEGUNDA.- **Natureza do convenio**

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, xa que de conformidade co previsto nos artigos 53 e 54 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG (DOG núm. 125, do 3 de xullo) corresponde á Xunta de Galicia, a través da Consellería, coordinar as universidades do SUG para acadar a mellora da docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión.

O procedemento de acreditación como campus de especialización esténdese ás tres universidades do SUG, potenciando a identidade propia de cada un dos seus campus a través da especialización e concretándose na promoción, deseño e materialización dos instrumentos necesarios para mellorar o financiamento da súa actividade investigadora.

A tal fin asinaranse convenios singulares coas outras universidades do SUG que



soliciten, e lles sexa outorgada segundo o procedemento establecido, a acreditación para os seus respectivos campus. Polo tanto, non é necesario promover a concorrência competitiva por tratarse dunha acción coordinada que inclúe a todos os posibles beneficiarios para o mesmo fin.

Este convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e realízase ao amparo do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e polo establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo co disposto na comunicación da comisión sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (DOUE C 414/1 do 28 de outubro de 2022) a subvención contemplada neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta a obxectivos e fins de interese común, en particular, a coordinación e cooperación como elemento relacional básico para a racionalización do mapa universitario e o fortalecemento do conxunto das universidades galegas respectando a identidade de cada unha delas (artigo 2, 1,c da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG).

Non obstante a USC deberá garantir que as actividades derivadas deste convenio axústanse ás normas procedimentais e materias vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar á Consellería por medio da comisión de seguimento.

DÉCIMO TERCEIRA.- **Publicidade e transparencia**

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006,



a USC consente expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puidera facer a beneficiaria no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

Así mesmo, as partes asinantes deste convenio manifiestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no mesmo, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e segundo o disposto nos artigos 3.1. b) e 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a información correspondente ao presente convenio publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións.

De acordo co estipulado no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, este convenio deberá ser remitido ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.

DÉCIMO CUARTA.- **Protección de datos**

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións





contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018), de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas se someten ao acordado en todas as estipulacións.

DÉCIMO QUINTA.- **Resolución de controversias**

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente

Román Rodríguez González

Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Antonio López Díaz

Reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC)



ANEXO I

TÁBOA DE INDICADORES E OBXECTIVOS (SEGUNDO O PLAN ESTRATÉXICO DO CAMPUS TERRA, PERIODO 2026 – 2029)

Dimensión 1: Gobernanza

Está formada por dous indicadores e ten unha ponderación do 15%.

Indicador	2026	2027	2028	2029	Total	Limiar	Peso	Indicadores Chave
GOBERNANZA								
A1. Actualización e adaptación da estrutura de gobernanza								
<i>Novos órganos de Gobernanza</i>	1	0	0	0	1	100%	25%	X
<i>Comisións eliminadas respecto á etapa anterior</i>	2	0	0	0	2	100%	25%	
<i>Reunións anuais realizadas por cada órgano de goberno</i>	1	2	2	3	3	100%	25%	
<i>Novos colectivos incluídos nos órganos de Gobernanza: alumnado, mozos/as investigadores/as.</i>	2	0	0	0	2	100%	25%	
A2. Reforzo do tecido produtivo na estrutura interna do Campus								
<i>Novos órganos de gobernanza creados para o fomento da relación co tecido produtivo</i>	1	0	0	0	1	100%	50%	
<i>Membros dos órganos de goberno representantes do tecido produtivo</i>	2	0	0	0	2	100%	50%	





<i>Taxa de gradación de Grao</i>	50%	58%	60%	65%	65%	±2% anual	15%	X
<i>Taxa de gradación de Mestrado</i>	75%	80%	82%	85%	85%	±2% anual	15%	
<i>Titulacións con docencia parcial en inglés (polo menos unha materia por curso)</i>	4	6	8	10	10	±2 anual	5%	X
A4. Reforzar as actividades de captación de estudantes.								
<i>Participacións en feiras de orientación universitaria</i>	14	16	18	20	68	±3 anuais	10%	
<i>Visitas a centros de secundaria para difusión do Campus</i>	85	90	95	100	370	±5 anuais	10%	
<i>Xornadas de portas abertas realizadas polo Campus TERRA</i>	10	11	12	13	46	±2 anuais	10%	
<i>Persoas inscritas no campus de verán Xuvenciencia</i>	100	110	120	130	460	±15 anuais	10%	
<i>Novos/as estudantes captados/as</i>	80	100	120	140	440	±20 anuais	60%	
A5. Plan de mellora da calidade docente.								
<i>Cursos de innovación docente realizados</i>	9	10	11	12	42	±2 anual	10%	
<i>Asistentes aos cursos de innovación docente</i>	225	250	275	300	1.050	±25 anual	15%	
<i>Grao de satisfacción dos cursos de innovación docente</i>	6/10	7/10	8/10	9/10	9/10	±1 anual	20%	





<i>Informe sobre infraestruturas docentes melloradas ou adquiridas polos centros.</i>	1	1	1	1	4	100% anual	10%	
<i>Importe de equipamento docente financiado (k€)</i>	120	120	120	120	480	≥75% anual	10%	
<i>Grao de satisfacción da calidade docente</i>	6/10	7/10	8/10	9/10	9/10	±1 anual	35%	
A6. Renovar e poñer en valor selos internacionais de calidade das titulacións oficiais								
<i>Selos internacionais de calidade renovados das titulacións de Campus TERRA</i>	1	2	3	4	10	±2 en total	40%	
<i>Selos de Excelencia Académica da Xunta de Galicia</i>	1	2	3	4	10	±2 en total	30%	
<i>Selos de Excelencia Mestrado da Xunta de Galicia</i>	1	1	1	1	4	±1 en total	30%	
A7. Mellorar a empregabilidade das persoas egresadas no mercado de traballo								
<i>Actividades formativas transversais desenvolvidas</i>	10	12	14	16	52	±2 anuais	5%	
<i>Alumnado participante en ditas actividades complementarias</i>	250	300	350	400	1.300	±25 anuais	15%	
<i>Nivel de satisfacción do alumnado das actividades formativas complementarias</i>	7/10	7/10	8/10	9/10	9/10	±1 anual	5%	
<i>Estudantes no programa de prácticas en empresas vencelladas á especialización do Campus</i>	35	40	45	50	170	±5 anuais	30%	
<i>Eventos de fomento de emprego realizados (Emprega-T Fest etc.)</i>	2	3	4	5	14	±2 en total	5%	





<i>Taxa de empregabilidade das persoas egresadas do Campus TERRA (media xeral)</i>	85%	85%	85%	85%	85%	±10% anual	40%	
A8. Reforzar a docencia a través de persoal experto e profesionais do tecido produtivo								
<i>Persoal experto e profesionais participantes na docencia do Campus</i>	25	30	35	40	130	±5 anual	65%	
<i>Grao de satisfacción do alumnado</i>	7/10	7/10	8/10	9/10	9/10	±1 anual	35%	
A9. Posta en marcha dun programa de mobilidade de estudantes para a realización de prácticas no estranxeiro								
<i>Estudantes que participan no programa de mobilidade remunerado do Campus TERRA</i>	6	6	6	6	24	±1 anual	20%	
<i>Convenios con centros e empresas estranxeiras para prácticas no estranxeiro</i>	1	2	3	4	10	±2 en total	30%	
<i>Estudantes do Campus en prácticas en empresas estranxeiras</i>	2	4	6	8	20	±2 en total	50%	
A10. Creación de FabLab de innovación docente								
<i>Equipamentos innovadores postos a disposición</i>	5	6	7	8	25	±1 anual	30%	
<i>Estudantes que utilizan o Fablab de innovación</i>	25	50	60	75	210	±5 anual	40%	
<i>Espazos innovadores postos en marcha</i>	1	2	3	4	10	±2 en total	30%	
A11. Creación dun programa de Microcredenciais								
<i>Programas de Microcredenciais postos en marcha</i>	1	2	2	2	7	±2 en total	25%	
<i>Estudantes do programa de Microcredenciais</i>	25	50	50	50	175	±5 anuais	65%	



<i>Grao de satisfacción do estudantado do programa de Microcredenciais</i>	7/10	7/10	8/10	9/10	9/10	±1 anual	10%	
A12. Reforzar a estrutura da xestión da docencia								
<i>Persoal técnico contratado para Docencia</i>	1	0	0	0	1	100 % en total	100%	

Dimensión 3: Investigación

Está formada por doce indicadores e ten unha ponderación do 30%.

INVESTIGACIÓN								
A13. Consolidar o centro iTERRA - Instituto de Investigación Saúde Global e Desenvolvemento Sostible.								
<i>Publicacións en revistas indexadas</i>	145	160	176	194	675	-	0%	
<i>Financiación captada por proxectos competitivos (M€)</i>	1,5	2,0	2,5	3,0	9,0	-	0%	
<i>Aprobación do Plan estratéxico do iTerra</i>	Si	N/A	N/A	N/A	Si	-	20%	X
<i>Nomeamento da Dirección científica do iTerra</i>	Si	N/A	N/A	N/A	Si	-	20%	X
<i>Constitución do Comité Asesor Científico con, polo menos, 2 compoñentes internacionais.</i>	Si	N/A	N/A	N/A	Si	-	15%	X
<i>Número de reunións do Comité asesor científico do iTerra</i>	1	2	2	2	2 por ano	-	15%	X



<i>Adscrición efectiva de grupos e/ou persoal investigador ao iTerra</i>	N/A	Si	N/A	N/A	Si	-	20%	X
<i>Plan de avaliación de grupos e/ou persoal investigador polo Comité Asesor Científico</i>	N/A	Si	N/A	N/A	Si	-	10%	X
A14. Promoción de doutorados industriais.								
<i>Doutorandos/as industriais</i>	1	2	2	1	6	±2 en total	60%**	
<i>Empresas implicadas</i>	1	1	1	1	4	±2 en total	20%**	
<i>Publicacións en revistas indexadas derivadas do programa</i>	0	2	4	11	17	±6 en total	20%	
A15. Reforzar o programa de contratos ou bolsas de iniciación á investigación: "Xermolos"								
<i>Egresados/as de grao e mestrado incorporados/as ao programa de iniciación á investigación</i>	24	24	24	24	96	±20 en total	40%	
<i>Porcentaxe de participantes que continúan en investigación ao finalizar o programa</i>	30%	35%	40%	45%	47,5%	±5 anuais	40%	
<i>Publicacións indexadas derivadas do programa</i>	3	3	3	3	12	±6 en total	20%	
A16. Reforzar o Programa propio de contratos predoutorais								
<i>Predoutorais incorporados/as gracias ao Programa (novos/as)</i>	6	6	0	0	12	±2 en total	30%	
<i>Publicacións indexadas derivadas do programa</i>	0	5	9	15	29	≥75% cada ano	20%	
<i>Estadías realizadas noutros Centros de I+D/Universidades</i>	0	12	12	0	24	±2 en total	10%	



<i>Porcentaxe de predoutorais que completan o seu doutorado con éxito</i>	95%	95%	95%	95%***	95%	≥90% en total	10%	
<i>Taxa de inserción laboral en investigación tras rematar o contrato</i>	30%	30%	30%	30%	30%	≥25% anual	10%**	
<i>Predoutorais novos totais (internos + externos)</i>	9 (6i+3e)	11 (6i+5e)	5 (0i+5e)	6 (0i+6e)	31 (12i+19e)	±5 en total	20%	X
A17. Reforzar o Programa propio de contratos posdoutorais								
<i>Postdoutorais novos/as incorporados/as gracias ao Programa</i>	6	0	0	0	6	±2 en total	20%	
<i>Publicacións indexadas derivadas do programa</i>	0	4	12	20	36	±2 en total	30%	
<i>Proxectos de investigación liderados polos contratados do programa</i>	0	4	6	2	12	±2 en total	15%	
<i>Posdoutorais novos totais. (internos + externos, non RyC, BG, ERC)</i>	8 (6i+2e)	2 (0i+2e)	3 (0i+3e)	3 (0i+3e)	16 (6i+10e)	±3 en total	35%	X
A18. Impulsar a captación de talento investigador a través de axudas Ramón y Cajal e similares								
<i>Incorporación de Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, ERC/Oportunus</i>	2	2	3	3	10	±2 en total	50%****	X
<i>Fondos competitivos captados (k€)</i>	0	150	200	300	650	≥80% en total	25%	
<i>Publicacións dos RyC (BG, ERC/Oportunus)</i>	0	4	13	23	40	±8 en total	25%	
A19. Potenciar e apoiar a posta en marcha de proxectos colaborativos para impulsar o liderado do talento mozo.								
<i>Proxectos colaborativos liderados por</i>	10	10	10	10		±5 en total	100%	



<i>mocidade investigadora</i>					40			
A20. Congreso científico e outras actividades divulgativas impulsadas e lideradas polo persoal investigador mozo do Campus Terra.								
<i>Eventos científicos organizados</i>	7	8	9	10	34	±5 en total	60%	
<i>Participantes nos eventos científicos organizados</i>	245	280	315	350	1.190	≥75% en total	20%	
<i>Engagement dos eventos científicos organizados (likes, comentarios, compartidos...)</i>	40	50	60	70	220	≥75% en total	20%	
A21. Impulsar a participación del Campus Terra en proxectos de financiación internacional.								
<i>Solicitudes de proxectos internacionais</i>	17	18	19	20	74	±10 en total	25%	
<i>Financiación captada (M€)</i>	2,3	2,5	2,8	3,0	10,6	≥85 % en total	65%	
<i>Persoal técnico contratado para internacionalización</i>	1	0	0	0	1	100 % en total	10%	
A22. Consolidar a contratación do persoal técnico de Xestión de I+D+i.								
<i>Persoal técnico contratado para innovación</i>	1	0	0	0	1	100 % en total	100%	
Indicadores Transversais ás accións de Investigación								
<i>Financiación captada por proxectos competitivos (Internacionais, Nacionais,</i>	5,0	5,5	6,0	6,5	23,0	≥80 % en total	30%	X





<i>autónomos). Non internos do Campus (M€)</i>								
<i>Publicacións en revistas JCR</i>	320	370	400	420	1.510	≥70% cada ano	30%	X
<i>% publicacións en Q1</i>	65%	66%	68%	70%	67%	≥80% en total	15%	X
<i>% publicacións en D1</i>	48%	49%	50%	52%	50%**	≥80% en total	10%	X
<i>Teses defendidas</i>	30	35	45	55	165	±10 anuais	10%	X
<i>Grupos sen IPs e con financiación externa (proxectos+contratos) inferior 20 k€/año, de media</i>	0	0	0	0	0	100 % en total	5%	X

Dimensión 4: Transferencia

Está formada por trece indicadores e ten unha ponderación do 20%.

TRANSFERENCIA

A23. Poñer en valor as capacidades e recursos do Campus Terra para o tecido produtivo a través da ferramenta dixital "PICTerra"

<i>Grupos de investigación integrados no PICTerra.</i>	38	39	40	41	41	±3 en total	40%	
<i>Contactos de empresas e usuarios/as externos realizados a través do PICTerra.</i>	10	12	15	18	55	±5 en total	60%	

A24. Impulsar a colaboración co sector produtivo para reforzar os programas de *formación dirixidos a profesionais*.



<i>Cursos realizados</i>	7	8	9	10	34	±4 en total	20%	
<i>Horas de docencia impartida</i>	56	64	72	80	272	±25 en total	20%	
<i>Participantes</i>	700	800	900	1.000	3400	≥75% anual	20%	
<i>Grao de satisfacción dos e das participantes</i>	7/10	7/10	8/10	9/10	9/10	±1 en total	20%	
<i>Novas empresas colaboradoras nos programas de formación</i>	4	4	4	5	5	±2 en total	20%	X
A25. Reforzar e consolidar a Rede de Plataformas Tecnolóxicas e Científicas do Campus Terra para poñer en valor as súas capacidades e recursos								
<i>Accións comerciais desenvolvidas para a posta en valor das plataformas</i>	12	15	20	25	72	±10 en total	20%	
<i>Financiamento captado a través das Plataformas (M€)</i>	1,0	1,0	1,1	1,2	4,3	≥75% anual	50%	
<i>Contratos con empresas asinados polas plataformas</i>	75	80	85	90	330	±60% en total	30%	
A26. Reforzar as accións de transferencia dos resultados de investigación á contorna social e económica								
<i>Accións de transferencia realizadas</i>	15	18	20	25	78	±10 en total	20%	
<i>Asistentes ás accións desenvolvidas</i>	300	360	400	500	1.560	±80 en total	20%	
<i>Contratos con empresas</i>	100	130	150	170	180	730	20%	
<i>Financiamento captado a través de contratos con empresas (Millóns)</i>	1,7	1,8	2,0	2,2	7,7	≥80% en total	40%	X
A29. Creación de novas cátedras con empresas tractoras								
<i>Cátedras postas en marcha con empresas tractoras</i>	1	1	1	1	4	±1 en total	100%	
A27. Reforzar o programa de protección e valorización de resultados de investigación								
<i>Patentes presentadas</i>	1	2	2	3	8	±1 en total	50%	X





<i>Patentes obtidas</i>	1	1	2	2	6	±2 en total	30%**	X
<i>Rexistros de propiedade intelectual presentados</i>	4	5	6	8	23	±5 en total	10%	X
<i>Modelos de utilidade e secretos industriais</i>	1	1	1	1	4	±1 en total	10%	X
<i>Licencias e Royalties (k€)</i>	85	90	95	100	370	≥95% en total	10%	X
<i>Resultados de Investigación patentables identificados</i>	6	8	10	12	36	±5 en total	10%	
<i>Proxectos de "proba concepto" postos en marcha</i>	8	8	8	8	32	±5 en total	10%	
A28. Impulsar o emprendemento e a aceleración de empresas: creación do Roteiro Terra de Emprendemento-TerraEmprende								
<i>Iniciativas asesoradas</i>	5	8	10	10	33	±3 en total	10%	
<i>Novas spin-off participadas pola universidade</i>	1	1	1	1	4	±2 en total	30%*****	X
<i>Novas start-ups creadas</i>	1	1	1	1	4	±2 en total	30%*****	X
<i>Xornadas e eventos de emprendemento e aceleración</i>	8	10	12	14	44	±5 en total	10%	
<i>Postos de traballo creados (emprego xerado)</i>	2	2	2	4	14	±2 en total	20%	
A30. Consolidar a contratación de persoal técnico de Transferencia e Emprendemento								
<i>Persoal técnico de transferencia e emprendemento contratado</i>	1	0	0	0	1	100%	100%	



Dimensión 5: Información pública e transparencia

Está formada por sete indicadores e ten unha ponderación do 5%.

INFORMACIÓN PÚBLICA E TRANSPARENCIA								
A31. Potenciar e reforzar a imaxe do Campus en Redes Sociais								
<i>RR.SS. activas</i>	5	5	5	5	5	100%	20%	
<i>Publicacións mensuais realizadas en RR.SS.</i>	50	50	50	50	200	±5 anuais	20%	
<i>Seguidores/as en RR.SS.</i>	400	600	800	1.000	1.000	≥95% anuais	40%	
<i>Engagement / interaccións (likes, comentarios, compartidos)</i>	500	500	500	500	2.000	≥90% anuais	20%	
A32. Actualización e mellora da páxina web do Campus Terra								
<i>Visitas á páxina web (tráfico)</i>	1.000	2.000	3.000	4.000	10.000	100%	30%	
<i>Idiomas empregados</i>	Castelán Galego Inglés	Castelán Galego Inglés	Castelán Galego Inglés	Castelán Galego Inglés	Castelán Galego Inglés	±5 mensual	70%	
A33. Posta en valor da marca "Campus Terra".								
<i>Medidas comunicativas internas desenvolvidas</i>	10	15	20	25	70	±5 en total	8%	
<i>Inversión en materiais promocionais elaborados (k€)</i>	15	20	25	25	85	≥90% en total	0%	
<i>Eventos a nivel nacional e internacional nos que participa</i>	3	4	5	6	18	±2 en total	24%	
<i>Eventos/xornadas de difusión realizados</i>	3	4	5	6	18	±4 en total	8%	
<i>Participantes nos eventos/xornadas de difusión</i>	60	80	100	120	360	≥80% en total	4%	





<i>Campañas/spots realizados</i>	1	1	1	1	4	±1 en total	12%	
<i>Certificación "Green Campus"</i>	0	0	1	1	1	100% en total	24%	
<i>Mencións na prensa da Universidade</i>	20	25	30	35	110	±5 en total	4%	
<i>Mencións do Campus en RR.SS.</i>	20	25	30	35	110	±5 en total	4%	
<i>Mencións en revistas científicas e prensa especializada</i>	10	12	14	16	52	±10 en total	12%	
A34. Manter unha Política de Open Access actualizada								
<i>Información dispoñible no Portal de Transparencia do Campus</i>	8	9	10	12	39	100%	20%	
<i>Documentos novos depositados cada ano en Open Access</i>	120	120	120	120	480	±50 en total	8%	X
A35. Reforzar a marca "Lugo Cidade Universitaria"								
<i>Accións de difusión da Marca "Lugo Cidade Universitaria" realizadas</i>	10	10	20	20	60	±10 en total	40%	
<i>Mencións en RR.SS. e prensa</i>	50	80	100	120	350	±50 en total	20%	
<i>Distinción Cidade da Ciencia e a Innovación 2027</i>	-	1	1	1	1	100%	40%	
A36. Posta en marcha de actividades en materia de igualdade								
<i>Actividades realizadas en materia de igualdade</i>	14	14	14	14	56	±4 en total	100%	
Indicadores Transversais ás accións de Investigación								
<i>Con efectos diagnósticos, segmentar por xénero tódolos indicadores de seguimento</i>	SI	SI	SI	SI	SI	-	50%	X
<i>Información pública de datos de docencia, investigación, transferencia (Cadro de mando)</i>	25%	50%	75%	100%	100%	±5% en total	50%	X



***Ambos indicadores poden contribuír ata un 30 %, pero só se terá en conta o que alcance o valor máis alto, non a suma de ambos.**

**** Non penalizable o incumprimento destes indicadores.**

***** Indicador medible en 2030.**

****** Non penalizable o incumprimento se alcanza o 60% do indicador.**

******* Si se cumpre calquera destes indicadores suporía un 50% do cumprimento de toda a dimensión.**

